

CIRCULAR 250



INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

SETEMBRO / OUTUBRO 2014

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego / Responsable do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa / Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Evangelina Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 251 de novembro/décembro de 2014,
e sairá a principios do mes de xaneiro de 2015.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de decembro.

5	Información Xeral
11	Información das Seccións
17	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
19	Comisión de Ética e Deontoloxía
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Unha ollada ao trastorno mental grave

En Galicia hai a día de hoxe máis de 75.000 persoas que sofren un trastorno mental grave (TMG) e, delas, unhas 8.000 atópanse en risco de exclusión social e cunha evolución clínica deteriorante. Estas cifras, aínda descoñecidas para moitos, foron lembradas polo Movemento Galego da Saúde Mental, do que forma parte o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, neste 10 de outubro, Día Mundial da Saúde Mental. Nos tempos de crise nos que estamos, facer visibles as condicións extremas nas que viven os afectados e afectadas, así como reivindicar para eles e elas os recursos necesarios que lles garantan calidade de vida, é máis necesario ca nunca.

Somos conscientes de que o contexto económico actual, que carrega altas taxas de desemprego e recortes nas partidas públicas, é unha pedra máis no camiño das persoas con TMG. A redución dos recursos para as persoas máis necesitadas provoca un incremento da pobreza e da marxinación social, contexto que acompaña en moitas ocasións a estes e estas pacientes. Moitos e moitas conviven nunha situación de risco que lles impide lograr a equidade: a súa esperanza de vida é de media, 20 anos menor á da poboación en xeral, a taxa de suicidios é a máis elevada e presentan os índices máis elevados de exclusión social. Debemos insistir en que as Administracións ofrezan servizos de calidade, accesibles, universais e non masificados. A complexidade dos síntomas dos TMG afecta a aspectos como o funcionamento psicosocial e a integración na comunidade das persoas que os padecen. Malia compartir problemáticas, cada individuo

AVISOS

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de Licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro.

Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

e cada caso é único, polo que hai que atender os factores biolóxicos, psicolóxicos, familiares e sociais de cada un deles dun xeito especializado, para poder así ofrecerlle atención e servizos axeitados.

Esta especialización complica a actual situación sociosanitaria. É preciso demandar o mantemento e a calidade da atención e do tratamento da saúde mental, con procesos de diagnóstico axeitados e cunha terapia que controle a sintomatoloxía. Así mesmo, é necesario garantir que estes e estas pacientes poidan recibir hospitalización ou medidas especiais nos casos de recaída.

Sabemos que en moitas ocasións a severidade do trastorno mantén os e as pacientes con TMG nunha supervisión constante, o que dificulta a súa independencia e a autonomía. É aquí fundamental que as institucións presten o apoio de cara á súa integración na comunidade, a través de servizos e programas de rehabilitación psicosocial e laboral. A maioría de persoas con TMG están desempregadas ou excluídas do mundo laboral, cunha inserción laboral que apenas chega ao 5%. Por isto precísanse programas dirixidos á súa formación ocupacional, onde lles presten a orientación e a adquisición de hábitos laborais, e visibilizar as súas capacidades á sociedade en xeral, que tamén ten parte de responsabilidade en facilitar a súa participación no mercado laboral.

Os programas de adestramento de habilidades da vida diaria mellorarán a autonomía persoal dos e das pacientes e a súa calidade de vida e das súas familias, que son o principal recurso de coidado e soporte. Son as familias moitas veces as grandes esquecidas, cando ofrecerlles apoio é fundamental, xa que conviven nun nivel de dependencia que adoita ser moi elevado. Convértense en moitos casos no único co que contan estas persoas que, debido ás súas dificultades para interactuar socialmente, perden as súas redes sociais.

Ademais do eido sanitario e laboral, é o noso compromiso como cidadáns e cidadás e como profesionais, protexer estes e estas pacientes fronte abusos e obstáculos que lles impidan exercer os seus dereitos civís. A superación do estigma que acompaña ao TMG é lenta, pero para loitar contra el é necesario cambiar a perspectiva: respectar e facer respectar os dereitos humanos e a dignidade persoal.

AVISOS

Restro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica

O COPG creou un restro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que achegar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado restro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

A día de hoxe, continúan na sociedade as actitudes paternalistas, de anulación, de medo e de desprezo. A arma fundamental para paliarlas é a información, que debe ser continuada e chegar a todo o tecido social, axudando a romper os estereotipos e prexuízos que impiden ás persoas con TMG desenvolverse como individuos e que lles engaden un sufrimento alleo á súa enfermidade. Debería darse por feito, mais a realidade demostra o contrario: hai que seguir reivindicando que antes que enfermos mentais, son persoas e cidadáns e cidadás, cos mesmos dereitos e necesidades xerais, pero con dificultades e necesidades específicas. Convertámonos en axentes divulgadores contra o estigma.

INFORMACIÓN XERAL

Relacións institucionais

O 22 de setembro, a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acudiu á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

M^a Rosa Álvarez Prada, decana do COPG, asistiu o 3 de outubro ás reunións da Comisión Permanente, do Pleno da Xunta Directiva e da Asemblea Xeral de Unión Profesional de Galicia celebrada en Santiago de Compostela.

En representación do Colexio



Carlos Montes Piñeiro

Carlos Montes Piñeiro, coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de PTO do COPG, participou o 7 de outubro na reedición da Xornada Técnica sobre o Acoso Laboral celebrada en Lugo e organizada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral da Xunta de Galicia (ISSGA) e o COPG ao abeiro do acordo de colaboración que ambos organismos teñen subscrito en materia de seguridade e saúde no traballo. Presentou o relatorio «Prevención de Riscos Laborais:

Respostas desde a Psicoloxía», onde se lle deu énfase ao importante papel que a Psicoloxía en xeral e a Psicoloxía do Traballo en particular desenvolven na prevención de riscos laborais.

Tamén en Lugo, Carlos Montes asistiu o 7 e 8 de outubro ao curso «Prevención de riscos psicosociais. Identificación e avaliación», deseñado conxuntamente entre o ISSGA e o COPG para actualizar e afondar os coñecementos do persoal técnico do ISSGA en materia de saúde laboral.

A decana, M^a Rosa Álvarez Prada, participou o 23 de outubro no acto inaugural do VIII Congreso (Inter) nacional de Psicoloxía Xurídica e Forense, celebrado do 23 ao 25 de outubro en Santiago de Compostela e organizado pola Sociedade Española de Psicoloxía Xurídica e Forense.



M^a Rosa Álvarez Prada

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade e Vogal da Xunta de Goberno do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o día 18 de outubro en Madrid.



Eva Muíño Gómez

A presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, M^a Dolores Seijo Martínez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía Xurídica do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o día 25 de outubro en Santiago de Compostela.



M^a Dolores Seijo Martínez

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Goberno do Consejo General de la Psicología, que se celebrou o día 25 de outubro en Madrid.

IX Congreso Iberoamericano de Psicología



Membros da Xunta de Goberno do COPG
que asistiron ao Congreso

Entre o 9 e o 13 de setembro celebrouse en Lisboa o IX Congreso Iberoamericano de Psicología, ao que acudiron máis de 2.000 profesionais de diferentes países, e que contou con representación do Colexio Oficial de Psicología de Galicia.

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, formou parte dos Comités Organizador e Científico do Congreso, e ademais actuou como coordinadora de dous simposios presentados polo COPG.

No primeiro simposio «A crise da psicología educativa e a psicología educativa en tempos de crise en Galicia», participaron como relatores a presidenta da Sección de Psicología Educativa, Manuela del Palacio García, xunto coa vogal da Xunta de Goberno do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno, e o vicedecano do Colexio, Hipólito Puente Carracedo.

AVISOS

Cotas 1º semestre 2015

O vindeiro 1 de xaneiro de 2015 pasarase ao cobro o recibo correspondente ao 1º semestre de 2014.

O segundo simposio, co título «Perspectiva de xénero nun Colexio Profesional de Psicoloxía», foi presentado por M^a Concepción Rodríguez Pérez, vogal da Xunta de Goberno e coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Concepción Fernández Fernández, secretaria do Colexio, e Víctor Manuel Torrado Oubiña, vogal da Xunta de Goberno do COPG.

Ademais destes dous simposios, Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes (GIPCE) e vogal da Xunta de Goberno do COPG, presentou a comunicación «Intervención Psicolóxica e Coordinación no accidente de Tren Alvia en Santiago de Compostela».

Tamén se expuxeron en formato póster as experiencias do Servizo de Mediación Intraxudicial nos xulgados de Santiago de Compostela e Ourense.

O Movemento Galego da Saúde Mental e o COPG

O Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), do que forma parte o COPG, desenvolveu diversas actividades con motivo do Día Mundial da Saúde Mental, co fin de visibilizar a deficiente situación das persoas con Trastorno Mental Grave en Galicia.

Os días 8 e 9 de outubro celebráronse senllas mesas redondas en Santiago de Compostela, A Coruña e Pontevedra.

Asemade, tamén se difundiu una declaración institucional na que se reivindica a plena atención sanitaria, social e legal ás persoas con Trastorno Mental Grave en Galicia ao tempo que denuncia o grave deterioramento asistencial que están a experimentar.

Representantes do Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM), entre os que se atopaba en representación do COPG a súa decana M^a Rosa Álvarez Prada, presentaron o 10 de outubro no Parlamento de Galicia a declaración institucional cunha serie de propostas de solución que se buscan consensuar cos grupos parlamentarios.


AVISOS

Renovación carnés


Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

O COPG tramitou máis de 1.500 expedientes para a regulación da psicoloxía no ámbito sanitario

Resultados valoración



Acreditación dos positivos



A Lei 33/2011, de 4 de outubro, Xeral de Saúde Pública, na súa disposición sétima, recolle a regulación do exercicio da Psicoloxía no ámbito sanitario, o que supuxo un gran número de cambios que afectaron a situación profesional de moitos Colexiados e Colexiadas.

O COPG, que ten entre os seus obxectivos o ordenamento do exercicio da profesión, tentou dar resposta do xeito máis eficaz ás dúbidas e ás necesidades xeradas a partir desta Lei.

Desde a entrada en vigor da devandita lei creouse unha Comisión de Valoración para a expedición da acreditación para o exercicio de actividades sanitarias, que se reuniu nun total de 41 ocasións. De xeito completamente gratuito para Colexiados e Colexiadas, tramitáronse un total de 1.588 expedientes:

- Tiveron resolución negativa 81 (un 5%).
- Dos 1.507 expedientes resoltos favorablemente:
 - 988 fórono polo itinerario curricular (66%).
 - 367 pola formación posgraduada (24%).
 - 152 por ambas as dúas vías (10%).

Atendéronse máis de 4.000 chamadas telefónicas relativas á implantación desta norma, das cales máis de 2.000 foron feitas neste ano 2014. Para dar atención a este elevado volume de consultas, ampliouse o horario de asesoría xurídica nos meses de agosto e setembro.

Coa intención de dar unha mellor información aos Colexiados e Colexiadas, realizáronse unha serie de Sesións Informativas nas que participou a decana do COPG, María Rosa Álvarez Prada, e o presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde, Francisco Javier Sardiña Agra. Nos encontros, celebrados entre decembro de 2013 e febreiro de 2014, participaron máis de 500 persoas e percorreron diferentes cidades de Galicia (Santiago, Vigo, A Coruña, Ourense e Lugo), para chegar ao maior número de Colexiados e Colexiadas posible.

Vixésimo quinta edición FOCAD

O 1 de outubro deu comezo a vixésimo quinta edición FOCAD cos seguintes bloques de materiais que os colexiados e colexiadas interesados poderán descargar e imprimir para o seu estudo ata o 31 de decembro de 2014.



Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/prensa> e <http://copg.copgalicia.org/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG xa está presente nas principais redes sociais.

De seguido se reproducen os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <http://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>

Colexiación obrigatoria

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuito reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre alugueiro, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.

O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.

Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: «Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000».

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación realizada

□ O pasado 17 e 18 de outubro tivo lugar no Hospital Marítimo de Oza da Coruña o Curso «Avaliación e rehabilitación da atención e as funcións executivas: Casos prácticos». Foi impartido por **M^a Dolores Vinagre Torres** e **M^a Jesús Gómez Vecino**, ambas psicólogas clínicas na Asociación de Dano Cerebral Adquirido da Coruña (ADACECO).

Neste curso traballáronse contidos como a avaliación e rehabilitación da atención, velocidade de procesamento e funcións executivas, cunha orientación práctica.

□ Os días 3 e 4 de outubro celebrouse o Curso «Apego e psicoterapia» no Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela. Impartido por **Elena Rodríguez Borrajo**, directora do Gabinete de Psicoloxía Alén (A Coruña), abordáronse aspectos teóricos e prácticos dos trastornos do apego na nenez e na idade adulta así como a súa abordaxe psicoterapéutica.



Momentos do curso

Formación prevista

Desde a Sección de Psicoloxía e Saúde agradecemosvos o interese que vides mostrando nos cursos de formación ofertados. Estamos a traballar nas vindeiras propostas que tratarán temas como a terapia de parella, pero unha vez máis animámosvos a que nos enviades as vosas suxestións sobre temas que sexan do voso interese.

O 14 e 15 de novembro terán lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra as XIX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG «Xénero e identidade: Olladas desde a clínica». Falaremos do xénero e a súa relación con temas como a identidade, a enfermidade e a sexualidade. Aproveitaremos as xornadas para presentarvos o sétimo número do **Anuario da Sección**. Agardamos contar un ano máis coa vosa asistencia e participación.

Lexislación

Lémbrese a obriga de **inscribirse como acreditados e acreditadas para o exercicio de actividades sanitarias no Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios**, de acordo ao regulado na disposición adicional sexta da **Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social, a todos aqueles e aquelas que realizan actividades sanitarias e/ou traballan en centros sanitarios**. Asemade, lémbrese tamén a todas as colexiadas e colexiados con consultas propias dedicadas á área de psicoloxía sanitaria, a **obriga de inscribir as súas consultas no mencionado rexistro**.

Desde a Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG estamos a **ter reunións con representantes de Sanidade da Xunta de Galicia** co obxectivo de facilitar ás colexiadas e colexiados estes trámites. Tedes máis información na páxina web do COPG <http://copg.copgalicia.org/regulacion-da-psicologia-no-ambito-sanitario>

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía e Saúde da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/psicologia-e-saude>



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS



Momento da xornada

Xornada técnica. Ergonomía

O pasado 22 de outubro celebrouse na sede colexial unha xornada técnica sobre «O erro humano nas organizacións», coordinado por **Carlos Montes Piñeiro**, vogal da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións do COPG.

Intervíñeron **Araceli Iglesias Isla**, psicóloga e ergónoma e directora de Hércules Prevención, que disertou sobre os fallos na organización; e **Rocío Seoane Farré**, presidenta da Asociación de Ergonomía Galega, que expuxo ás persoas asistentes os referentes da ergonomía ao servizo das persoas no campo da prevención dos riscos laborais.

Persoal técnico do ISSGA e saúde laboral

En calidade de coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións, **Carlos Montes Piñeiro**, interveu na xornada técnica sobre acoso laboral celebrada en Lugo o 7 e 8 de outubro, organizada polo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) da Xunta de Galicia.

Presentou o relatorio «Prevención de riscos laborais: Resposta desde a psicología». Esta actividade enmarcase no convenio de colaboración do COPG co ISSGA para actualizar os coñecementos do persoal técnico en materias de prevención de riscos psicosociais.

División PTORH. Propostas

O pasado 26 e 27 de setembro celebrouse en Barcelona a reunión da Coordinadora da División de Psicoloxía do Traballo, Organizacións e Recursos Humanos, onde entre outros acordos, realizáronse ao Consejo General de la Psicología tres propostas de interese: a preparación do Congreso PTORH para maio de 2016, a realización dun curso formativo a nivel nacional sobre a Norma ISO 10667 e que Valencia sexa a vindeira sede da reunión interterritorial de PTO en maio de 2015. Estes acordos teñen como obxectivo abrir tres foros de discusión sobre problemáticas claves para o desenvolvemento do futuro do exercicio profesional.




Selección de persoal: Corpos de seguridade

O 23 de outubro deu comezo a formación presencial sobre o proceso de selección de persoal nas convocatorias de corpos de seguridade, do que ten os seus períodos de teleformación do 20 de outubro ao 24 de novembro. O curso está impartido por **M^a del Pilar del Pueblo López**, asesora técnica de tribunais para oposición dos corpos de seguridade da Comunidad Valenciana e **M^a Concepción Prado Álvarez**, vogal da Sección de PTO (COPG) e responsable de emprego e do fondo bibliográfico e psicométrico do COPG. Terá unha duración de 25 horas e abordará o relacionado coas normativas, perfís profesionais, análise de postos, probas psicométricas, elaboración de entrevistas, informes e protocolos de actuación.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG:
<http://copg.copgalicia.org/secciones/traballo-e-das-organizacions>

Sesión técnica sobre a Norma-ISO 10667

O vindeiro 22 de novembro a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións organizará unha sesión técnica sobre a norma que regula os procesos de avaliación de persoas en contextos laborais e organizacionais. Abordarase o seu alcance e a súa aplicación, os procedementos implicados e as distintas fases da avaliación das persoas. Unha sesión técnica que ten como obxectivo informar sobre o papel das e dos profesionais de psicoloxía neste ámbito e a mellora de calidade do proceso avaliativo. Informarase oportunamente sobre os detalles do evento.





SECCIÓN DE PSICOLOGÍA JURÍDICA

Formación interna

A Sección de Psicología Jurídica do COPG celebrou o pasado 20 de setembro un curso de formación interna dirixido ás socias e socios da Sección. Baixo o título «Avaliación forense da garda e custodia. Análise psicolóxica da idoneidade parental da custodia compartida e das interferencias parentais», foi impartido por **M^a José Catalán Frias**, psicóloga forense da Administración de Xustiza, actualmente con destino na Audiencia Provincial de Murcia, con ampla experiencia no campo forense de familia. Os obxectivos deste curso foron a familiarización coas demandas máis habituais no eido da pericial psicolóxica dentro do dereito de familia, a profundización na problemática derivada da ruptura de parella e a adquisición de ferramentas para levar a cabo unha correcta valoración pericial no eido de familia. Este curso tivo un amplo carácter aplicado a través de casos que a docente analizou coas persoas participantes.

Enlace ao apartado da Sección de Psicología Jurídica da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/secciones/xuridica>



Momento do curso

ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCIÓNS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE SOCIEDADES
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓN

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO
E DE DISTINCIONS

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Simulacro

O 29 de setembro o Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias do COPG participou no **Simulacro JIAP 2014-A Coruña**, organizado pola Asociación Internacional de Técnicos de Emergencias Sanitarias-United Sin Fronteras (ASIN-TES-ISF), dentro das **II Xornadas Internacionais de Atención Prehospitalaria 2014**. Tivo lugar nas inmediacións da Torre de Hércules na Coruña e asistiron 5 membros do GIPCE, actuando como coordinadora do Grupo no simulacro **Elena González Cid**.



Asistentes ao simulacro

Formación externa

■ Membros do Grupo de Intervención Psicológica en Catástrofes e Emerxencias do COPG impartiron diferentes cursos na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP):

- **Para Policía Local en promoción:** José Ramón García Gómez impartiu a materia de psicoloxía policial cunha carga lectiva de 14 horas entre o 16 de setembro e o 28 de outubro de 2014.
- **Para policías de novo ingreso.** Impartido por Concepción López Martín, entre o 24 de setembro e o 17 de decembro de 2014, cun total de 26 horas lectivas.

- **II Edición do Curso de apoio psicolóxico básico e manexo do estrés nos intervinientes en situacións críticas, de emerxencia ou catástrofe** destinados a voluntarios de Protección Civil. Foi impartido o 14 e 15 de outubro por **Elena González Cid** e **Isabel Vázquez Prado**.
- Colaborouse tamén nestas outras actividades:
 - **IX Congreso Iberoamericano de Psicología** celebrado en Lisboa (Portugal) entre o 9 e 13 de setembro de 2014. Desde o Consejo General de la Psicología presentouse un simposio sobre a intervención psicolóxica en emerxencias no que **Ana Isabel Martínez Arranz**, coordinadora do GIPCE, participou nunha comunicación.
 - Os días 19 e 20 de setembro, **Ana Isabel Martínez Arranz**, coordinadora do GIPCE, impartiu en Castellón un curso aos e ás profesionais de emerxencias do Col·legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana sobre a intervención no accidente do tren Alvia.
 - **II Xornadas internacionais de atención prehospitalaria** realizadas na Coruña entre os días 26 e 28 de setembro e organizadas pola Asociación Internacional de Técnicos de Emerxencia Sanitarias Unidos Sin Fronteras. O GIPCE foi invitado a presentar un obradoiro de primeiros auxilios psicolóxicos que foi impartido por **Elena González Cid**, membro do Grupo.
 - **I Xornadas de intervención psicolóxica en contextos de emerxencias e catástrofes**. Realizáronse en Bilbao os días 17 e 18 de outubro coincidindo coa reunión estatal da área de emerxencias do Consejo General de la Psicología. Ana Isabel Martínez Arranz, coordinadora do GIPCE, participou cunha ponencia sobre a intervención realizada no accidente do tren Alvia.

AVISOS

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Enlace ao apartado do GIPCE da páxina web do COPG: <http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/gipce>

CONTRAINFORMES

Pese a que a realización de contrainformes é unha práctica cada vez máis habitual no ámbito da psicoloxía forense, atendendo ao que establece o artigo 22 do noso Código Deontolóxico sobre que un psicólogo ou psicóloga non debe desacreditar os seus e as súas colegas, moitos e moitas profesionais entenden que se trata dunha práctica pouco ética, o que moitas veces deriva en reclamacións deontolóxicas.

Con todo, un contrainforme é un informe baseado noutro previamente emitido por un compañeiro ou compañeira, e o seu obxectivo é verificar a validez do mesmo, é dicir, determinar que aspectos do informe inicial teñen soporte científico e cales non. Polo tanto, un contrainforme supón unha metaanálise técnica dun informe anteriormente elaborado por outro ou outra profesional.

Neste sentido, o mesmo artigo 22 fala de «sen prexuízo da crítica científica que estime oportuna», de xeito que un contrainforme, realizado baixo unhas determinadas condicións, non atentaría contra a ética nin a deontoloxía profesional. Igualmente, a Federación Europea de Asociacións de Profesionais da Psicoloxía (EFPA) xa recolle no artigo 3.4.5 do Metacódigo de Ética e obriga de criticar razoablemente a acción profesional dos compañeiros e compañeiras.

Ademais, deste o punto de vista legal, un informe pericial achégase como proba nun procedemento xudicial e, polo tanto, estaría suxeito ao principio de contradición, é dicir, debe permitir a análise e réplica das partes, co fin de garantir a tutela xudicial efectiva (artigo 24 da Constitución española). Así, o principio de contradición esixe igualdade, e polo tanto que ambas partes pidan ter os mesmos dereitos de ser escoitadas e de practicar probas, coa finalidade de que ningunha das partes se atope indefensa fronte á outra. A falta de transparencia neste sentido suporía colocar a persoa avaliada nunha situación de indefensión xurídica. De feito, segundo se recolle no artigo 347 da Lei de Axuízamento Civil pódese pedir á ou ao perito que expoña, explique ou responda a preguntas sobre o seu informe, así como a posibilidade de crítica do ditame pola ou polo perito da parte contraria (punto 5º do mesmo artigo).

Unha vez enumeradas as razóns polas que non debemos rexeitar a priori a realización de contrainformes como práctica non ética, convén aclarar, porén, que non resulta ético criticar, deostar nin invalidar sen máis o informe realizado anteriormente por outro ou outra profesional. Igualmente, o artigo 24 do noso Código Deontolóxico establece que haberá que extremar a cautela e non prestarse e facer un informe cando o ou a profesional ten a certeza de que pode ser mal utilizado. O conflito ético xurde entón pola posible colisión entre a tarefa profesional (análise científica do informe en cuestión) e o encargo recibido (desvirtualo como proba pericial no proceso) (Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid¹, 2011).

En definitiva, partindo da premisa de que o coñecemento debe estar sometido á crítica e á revisión, cómpre establecer uns límites e condicións na realización de contrainformes para que se adecúen aos preceptos do noso código deontolóxico:

- ❑ Por unha parte, haberá que extremar a obxectividade e a imparcialidade (artigo 15), xa que, obviamente, cando se nos solicita un contrainforme existen intereses contrapostos.
- ❑ Pola outra, o contrainforme ten que ser sólido e estar fundamentado cientificamente, referenciando de forma exhaustiva e ata o mínimo detalle todas as informacións que proporciona (artigos 6 e 48).
- ❑ A consecuencia lóxica que se deriva do anterior é que a persoa que pretende analizar criticamente o labor doutro ou doutra profesional debe posuír como mínimo o mesmo nivel de coñecementos que o ou a profesional que fixo o informe orixinal sobre o que se opina (o artigo 17 recolle que a autoridade profesional do psicólogo ou psicóloga fundaméntase na súa capacitación e cualificación para as tarefas que desempeña).
- ❑ No contexto pericial, e sobre todo cando se nos solicita un contrainforme, cobra especial relevancia a premisa de actuar con absoluta independencia e autonomía profesional en relación á persoa solicitante do mesmo (artigo 16).



¹ Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid. (2011). Ética y Deontología en la práctica psicológica. Madrid: Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid.

*Enlace ao apartado da
Comisión de Ética e
Deontoloxía da páxina
web do CPGP:
<http://copg.copgalicia.org/grupos-comisions/comision-de-etica-e-deontoloxia>*

□ A persoa que realiza un contrainforme non ten acceso aos datos nin aos suxeitos da exploración. Polo tanto, o contrainforme ha de ser teórico, centrado na crítica de aspectos do informe orixinal que non estean soportados polo estado actual da ciencia psicolóxica, e nunca centrado na valoración das persoas sobre as que se emitiu o informe orixinal ou sobre os ou as profesionais que fixeron o mesmo. En todo caso, se non se está de acordo coa exploración realizada, pódese propoñer que se solicite unha segunda exploración (de contraste) que, en todo caso, habitualmente deberá aprobar o xuíz ou xuíza.

□ Xa que non deixa de ser un informe, ao contrainforme se lle debe esixir a mesma rigorosidade que a un informe psicolóxico, e polo tanto debe reflectir: un título claro; o seu obxectivo ou finalidade; o das persoas solicitantes; a metodoloxía seguida; os resultados atopados; as conclusión e discusión que se deriva dos resultados; o lugar, data, sinatura do autor ou da autora e número de colexiado ou colexiada (Colegio Oficial de Psicólogos de Madrid, 2011).

En conclusión, a realización dun contrainforme supón e debe supoñer unha especial esixencia de rigor e coidado ético.



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

SERVIZOS A COLEXIADOS E COLEXIADAS

www.copgalicia.es

PUBLICACIÓNS

- ❑ Circular Informativa
- ❑ Cadernos de Psicoloxía
- ❑ Papeles del Psicólogo
- ❑ Infocop
- ❑ Memoria

PROFESIÓN

- ❑ Quenda Informes Periciais
- ❑ Privado. Solicitude atención psicólogos/as
- ❑ Publicidade
- ❑ Distribución de ofertas formativas

EMPRÉSTITO DE MATERIAL

Material de avaliación psicolóxica

FONDOS DOCUMENTAIS

- ❑ Servizo de biblioteca (COPG)
- ❑ Convenio coa biblioteca da Facultade de Psicoloxía da USC

INTERNET

- ❑ Conta de correo electrónico e acceso a través do servidor do COPG
- ❑ Páxina web do COPG

PROTEXDAT

Convenio en relación a servizos de consulta en cuestión de protección de datos de carácter persoal

ASESORÍAS

Servizo gratuíto de consulta para colexiados e colexiadas de asesoría fiscal e xurídica

FORMACIÓN – EMPREGO

- ❑ Programa formativo anual COPG
- ❑ Información laboral
- ❑ Información de convocatorias de oposicións

DESCONTOS ALOXAMENTO

10% para os colexiados e colexiadas en aloxamento a través da páxina web TusCasasRurais.com para casas rurais por toda España

SEGUROS MAPFRE

- ❑ Seguro de asistencia sanitaria para colexiados e colexiadas e as súas familias MAPFRE - Caja Salud
- ❑ Seguro colectivo de vida/accidentes para colexiados e colexiadas

CORREDURÍA DE SEGUROS BROKER'S 88

- ❑ Pólizas de seguro de responsabilidade civil profesional colectivo (Zurich)
- ❑ Seguro de asistencia sanitaria (ASISA)

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Podedes consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

**XIX XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE
«XÉNERO E IDENTIDADE: OLLADAS DESDE A CLÍNICA»**

Datas: 14 e 15 de novembro de 2014.

Lugar: Pontevedra

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG.

SESIÓN TÉCNICA: A NORMA UNE-ISO 10667.

UNHA OPORTUNIDADE...

Data: 22 de novembro de 2014.

Lugar: Santiago de Compostela

Relator: Luis Barbero Hernández

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións do COPG.



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

HORARIO

Inverno

De luns a xoves de 9:00 a 14:00 h
e de 16:00 a 21:00 h, e os venres
de 9:00 a 14:00 h

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfño.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es
www.copgalicia.es

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociaciones Profesionales
de Psicólogos

2014 POLA PSICO LOXÍA